



0 95% DA ENERXÍA ELÉCTRICA CONSUMIDA EN GALIZA AO REMATE DO PLANO ENERXÉTICO 2007-2012 PROCEDERÁ DE FONTES RENOVABEIS

- ***O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, deu a coñecer no Parlamento o Plano Enerxético Galego 2007-2012 que porá en marcha o seu departamento***
- ***O novo Plano Enerxético contará cun investimento total superior aos 6.500 millóns de euros, destinado maioritariamente ás enerxías renovábeis***
- ***O Plan presentado por Fernando Blanco contempla importantes actuacións en materia de xeración, transporte e distribución, e prevé un aforro enerxético de máis de 2 millóns de toneladas equivalentes de petróleo***

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2006. O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, presentou hoxe no Parlamento Galego o Plano Enerxético 2007-2012, a ferramenta básica que rexerá nos vindeiros anos toda a política enerxética de Galiza. O titular nacionalista sinalou como obxectivo principal deste plan a consolidación dunha base enerxética sólida no país, que sexa vector clave do escenario de crecemento industrial e económico e faga aumentar os niveis de vida e benestar dos galegos e galegas. Fernando Blanco cualificou este novo plan de ambicioso e afirmou que sentará as bases dunha industria que será o motor do desenvolvemento económico do país. Ao longo dos seus seis anos de aplicación investiranse, entre iniciativa privada e Administracións autonómica e estatal, 6.556 millóns de euros, dos cales 4.410 millóns se destinarán ao desenvolvemento das enerxías renovábeis. A xeración eléctrica convencional precisará dun investimento de 1.018 millóns, mentres que as infraestruturas eléctricas 619.

Segundo explicou o conselleiro, entre 2007 e 2012 as principais liñas de actuación da Consellaría de Innovación e Industria no ámbito enerxético responderán aos obxectivos de garantir unha subministración enerxética de calidade a todos os cidadáns; desenvolver as infraestruturas de xeración, transporte e distribución necesarias; reducir a dependencia enerxética diversificando as fontes de enerxía e potenciando as renovábeis; impulsar o aforro e eficiencia enerxética e reducir o consumo; fomentar a I+D+I no eido enerxético e lograr que boa parte dos beneficios da xeración eléctrica queden no país en proveito dos cidadáns e mediante a participación pública en empresas enerxéticas.

O conselleiro destacou a importante presenza que acada Galiza no eido da xeración eléctrica, xa que produce o 10% da enerxía eléctrica do Estado e o 20% da termoeléctrica con carbón e das renovábeis. Este potencial, xunto coa capacidade de transformación de produtos enerxéticos que lle permite ao país exportar enerxía, abre grandes oportunidades de desenvolvemento pero, segundo explicou Blanco, débese corrixir a dependencia do exterior na enerxía primaria como tamén o elevado ritmo de crecemento da demanda enerxética. O conselleiro anunciou que para o final do período de vixencia do Plano Enerxético en 2012, o 95% da enerxía eléctrica consumida será cuberta por fontes renovábeis.



O Plano Enerxético presentado polo titular de Innovación operativizarase mediante a Estratexia Energos, posta en marcha pola Consellaría de Innovación e Industria, que recolle as actuacións en canto á xeración, infraestruturas e aforro e eficiencia enerxéticas para os próximos anos.

Plan de Xeración Enerxética

O Plan de Xeración Enerxética que impulsará Innovación e Industria susténtase, por unha banda, na potenciación da enerxía renovábel e, pola outra, no Plan de Xeración de Electricidade non renovábel. Canto á primeira, Fernando Blanco explicou que en 2012 estarán autorizados 6.500 MW de potencia eólica, que ademais aplicarán unha tecnoloxía que cubrirá as dificultades dos ocos de tensión e que contarán con mecanismos de participación pública. O conselleiro destacou o impulso decidido a outras enerxías autóctonas de carácter renovábel, nomeadamente a biomasa e a solar, co obxecto de acadar nelas incrementos que nalgúns casos, dixo Blanco, multiplican varias veces a produción actual.

Entre os obxectivos marcados pola Consellaría dentro do plan, destacan tamén: duplicar a produción eléctrica a partir de biomasa, pasando de 39 a 79 MW, e incrementar a biomasa de orixe térmica en 200 MW; instalar 150.000 m² de paneis solares para solar térmica; aumentar a potencia actual de solar fotovoltaica de 1,2 MW de potencia instalada ata os 25 MW; e producir 400.000 toneladas ao ano de biodiésel para cumprir os obxectivos fixados na directiva comunitaria de biocarburantes. O titular nacionalista avanzou igualmente que se establecerá un novo marco normativo e medidas concretas para cada unha destas enerxías, como poden ser, para a solar térmica, a adaptación ao Código Técnico da Edificación; para a fotovoltaica, a posibilidade de instalación en solo rústico e, para a biomasa, os aproveitamentos conxuntos de calor e electricidade.

Canto á xeración de electricidade non renovábel, o conselleiro de Innovación e Industria considerou fundamental a entrada en operación dos ciclos combinados de Sabón e As Pontes, con case 1.200 MW instalados, os proxectos de coxeración e trixeración vencellados ao gas natural e as melloras tecnolóxicas e transformacións nas Pontes e Meirama para os carbóns de importación que compensen o peche previsto das minas. Estas actuacións permitirán, segundo dixo o conselleiro, incrementar a xeración de electricidade en 14.500 GWh/ano o que supón o 50% respecto da situación actual e reduciranse as emisións de CO₂ nun 7%.

Plan de infraestruturas

O Plano Enerxético Galego prevé a mellora da calidade de subministración eléctrica nas zonas rurais, así como a atención das necesidades ante o incremento de vivendas en zonas urbanas e dos polígonos industriais. Segundo explicou Blanco, asinaranse convenios coas empresas distribuidoras que permitirán reducir os rexistros de Tiepi (tempo de interrupción en relación á potencia instalada) e Niepi (número de interrupcións en relación á potencia instalada) e avanzar positiva e substancialmente na calidade de onda.

Por outra banda, ampliar a rede de transporte para sincronizar as necesidades de subministración e a xeración implicará, dixo o conselleiro de Innovación e Industria, dotar de infraestruturas internas asociadas aos ciclos combinados e ao plan eólico, así como de



infraestruturas de interconexión con Asturias e a Meseta. A este respecto, o conselleiro informou da proposta, por parte da Consellaría de Innovación e Industria, ao Goberno central, dun ambicioso plan de desenvolvemento das infraestruturas de transporte de electricidade ao abeiro da planificación de infraestruturas estatais ata 2016.

A proposta realizada, segundo dixo Fernando Blanco, pretende unha auténtica vertebración de Galiza dende o punto de vista enerxético, está plenamente xustificada dende o punto de vista técnico e do consumo e é plenamente respectuosa coas sensibilidades ambientais máis esixentes. O titular de Industria detallou as principais actuacións que figuran na proposta, como a nova liña de alta tensión de 400 kV en dobre circuito entre Pazos e O Porto, conexión internacional que facilitará a conexión de Galiza e Portugal mediante tren de alta velocidade; o remate da liña Boimente-Pesoz e duplicar en dobre circuito Mesón-Trives-Tordesillas; ou as liñas de transporte de 220 kV para a mellora da subministración ás cidades.

Canto ao gas, o Plano Enerxético contempla o desenvolvemento pleno do proxecto de Reganosa, que esixe a súa incorporación plena ao sistema gasista peninsular. O departamento do nacionalista Fernando Blanco vén de solicitar para a súa inclusión na planificación enerxética estatal un incremento da capacidade de vaporización de Reganosa ata os 800.000 Nm³/h; o desdoblamento do gasoduto troncal Tui-Ribadeo; a súa conexión con Ponferrada e/ou a creación de dous eixes paralelos ao troncal pola costa cantábrica (pecharase o anel Ribadeo-As Pontes pola Mariña) e pola Costa da Morte (dende Noia ata A Coruña). Paralelamente, segundo explicou o conselleiro, contéplanse toda unha serie de ramais imprescindíbeis para a gasificación integral do territorio, accións todas que figuran na proposta feita pola Consellaría ao Ministerio de Industria.

Plan de aforro e eficiencia

O Plano Enerxético prevé un aforro, ata o ano 2012, de 2.300.000 toneladas equivalentes de petróleo, o que supón en termos económicos 2.180 millóns de euros. Segundo explicou Fernando Blanco, as actuacións son moi variadas, dende a xestión da estratexia de Aforro e Eficiencia Estatal a través do INEGA, ata a posta en marcha de plans para as Administracións públicas, a certificación enerxética de vivendas ou a realización de auditorías enerxéticas no sector industrial.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA